



En tempo récord, R migrou máis de 360.000 liñas móbiles de clientes/as particulares á rede propia do grupo MASMOVIL

O 100% das liñas particulares de R xa se beneficia dun servizo de móbil con cobertura mellorada

- *Esta melloría na cobertura é moi significativa en máis dun 50 % dos/das usuarios/as do servizo de móbil do operador galego.*
- *R está excepcionalmente situada no mercado das telecomunicacións en España, co índice de tempo sen cobertura máis baixo de todo o sector.*
- *Os/as clientes/as de R gozan xa dun servizo móbil máis potente grazas á cobertura da rede propia de MASMOVIL, e froito tamén dos investimentos priorizados en Galicia e dos seus acordos de compartición con outros operadores, principalmente con Orange.*
- *Este salto de calidade na cobertura da rede de R é posible ao incorporar unha solución que automaticamente selecciona en cada zona as antenas dispoñibles, cuxa cantidade aumentou en 2,5 veces en Galicia dende o ano pasado.*


Luns, 23 de maio de 2022.- Máis de 360.000 liñas móbiles de R, o 100% dos servizos particulares, foron migradas á rede de antenas de MASMOVIL, e dispoñen xa dunha cobertura sensiblemente mellorada.

Cumprindo os prazos que se estableceron en decembro co inicio do proceso de migración, realizado sen incidencias no servizo e de forma **transparente para os/as clientes/as de R**, o operador galego realizou o cambio a práctica totalidade das súas liñas residenciais de móbil.

Todos/as os/as clientes/as de R xa dispoñen dunha **potente e mellorada cobertura móbil a nivel nacional** para utilizar os seus servizos de voz e datos, pois a partir de agora teñen acceso á completa infraestrutura do Grupo MASMOVIL, que lles deu prioridade aos seus investimentos en Galicia, e poden beneficiarse tamén dos acordos de compartición de redes con outros operadores, principalmente con Orange España.

Esta migración **garante unha excelente conexión en calquera lugar**, permitiéndolles aos/as clientes/as dispor dun servizo de telefonía móbil excelente de maneira sinxela. A partir deste momento, os/as actuais usuarios/as e as novas altas disporán dun **servizo móbil innovador e reforzado** para que sigan sendo os/as máis satisfeitos/as do mercado.

Ademais, produciuse un salto moi sensible na calidade da cobertura de rede para os/as clientes/as de **R**, xa que se incorpora unha solución que **automaticamente selecciona a cobertura dispoñible**, para ofrecer o mellor servizo posible tanto de voz como de datos. De feito, o número de antenas dispoñibles en Galicia multiplicouse por 2,5 veces dende o ano pasado. E así, esta migración da rede de móbil sitúa a **R** nunha posición excepcional no mercado das telecomunicacións en España, co **índice de tempo sen cobertura máis baixo de todo o sector**.



*“Como resultado deste proceso de migración, realizado nun tempo récord, os clientes e as clientas do servizo móbil de **R** teñen acceso dende este mesmo momento á cobertura de rede máis completa do mercado, e poderán utilizar tanto a infraestrutura propia de MASMÓVIL como a doutros operadores cos que pechamos acordos en beneficio dos nosos/as usuarios/as. Hoxe, máis do 50 % deles/as viron mellorada a súa cobertura de móbil, e situámonos así entre os líderes do sector, onde temos o índice de tempo sen cobertura máis baixo do mercado”,* sinalou o xerente de Rede de **R**, Ramón Rodríguez Enríquez.

Unha mellora da cobertura para o 50 % dos clientes

A migración dos/as clientes/as de **R** á nova rede implica que **un 50 % deles/as mellorarán a súa cobertura** de forma especialmente significativa en numerosos concellos de Galicia. Isto supón unha oportunidade para os máis illados, segundas vivendas, zonas rurais ou poboacións con servizo exclusivo dun dos operadores, situacións frecuentes na comunidade galega, moi condicionada pola súa orografía.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal